Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior.
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme a criterios de avaliación de cursos anteriores (relacionados coas ciencias e as matemáticas). Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>17</b>	<b>15</b>	<b>9</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	20	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

Os instrumentos utilizados para a avaliación do alumnado serán probas escritas e táboas de indicadores (tarefas de aula, actividades de laboratorio, cuestionarios, traballos, presentacións, etc).

A cualificación resultará da seguinte ponderación:

80% da cualificación procederá das probas escritas.

20% da cualificación procederá das táboas de indicadores.

A cualificación asignaselle ao Criterio de Avaliación e non depende do instrumento utilizado, senón do grao de adquisición do CA.

A cualificación dun trimestre (T) realizarase do seguinte xeito:

1. Cualificación procedente das táboas de indicadores:

Procede de prácticas de laboratorio, traballos de investigación, tarefas diarias, etc.

Calcúlase facendo a media aritmética das diferentes cualificacións obtidas. A cualificación obtida será TI.

Os traballos, tarefas, etc deberán ser entregados na data marcada para poder ser valorados de 0 a 10. Aqueles entregados fóra de prazo serán valorados cunha nota de cero.

Controlarase a realización de actividades feitas na aula ou encomendadas para casa mediante a observación directa e listas de control puntuais. Valorarase de 0 a 10.

2. Cualificación procedente de probas escritas:

En cada trimestre farase como mínimo un exame global sobre os CA contemplados nese trimestre. O profesor valorará a posibilidade de facer probas escritas (controis) ao longo do trimestre sobre os CA contemplados nesa parte do trimestre. A cualificación será a media aritmética dos controis e simbolízase por C1. Pouco antes de rematar a avaliación realizarase un exame global de todos os CA do trimestre do que sairá unha cualificación C2.

A cualificación PE das probas escritas, neste caso, será o resultado da seguinte expresión:  $PE = (C1 + 2C2) / 3$

Farase a media ponderada anterior sempre que C2 sexa maior ou igual a 3,5. De outro xeito considérase a avaliación suspensa e a nota do trimestre non poderá ser maior que 4.

Para que as respostas das preguntas dos exames sexan valoradas teñen que estar razoadas e con todos os pasos debidamente xustificadas.

A cualificación do trimestre (T), será o resultado de aplicar o 80% á cualificación da proba escrita e o 20% á cualificación das táboas de indicadores.

A nota do trimestre virá dada pola fórmula:  $T = 0,8 PE + 0,2 TI$

A aplicación das ponderacións anteriores darán lugar a unha nota numérica T que deberá ser maior ou igual que 5 para considerar a avaliación correspondente aprobada. O redondeo farase por defecto e no boletín indicárase a parte enteira de T.

Todas as notas numéricas de probas, exames ou outras valoracións neste documento serán puntuadas de 0 a 10.

Nota: Se un alumno non se presenta a un exame parcial na data marcada e presenta xustificación oficial de ausencia (médico, xulgado, etc) ,o profesor poderá facilitaralle unha data para facelo. No caso de tratarse do exame global, e sempre que estea xustificado oficialmente, se o profesor considera moi axustado facelo antes da avaliación o/a alumno/a levará no boletín a nota que lle corresponda despois de asociar ao exame global C2 unha nota temporal de cero. Unha vez feito o exame global recalcularase a nota PE para obter a súa nota real. Se a falta a un exame non é xustificada oficialmente, a cualificación do exame será de cero.

Cualificación final:

A cualificación final será o resultado de facer a media aritmética das cualificación dos tres trimestres.

Para aprobar a materia (considérase que o alumno acadou os obxectivos do curso na materia de Física e Química) é necesario que esta nota media teña un valor numérico  $\geq 5$ .

No caso de aprobar, esta nota media final corresponderá á nota da avaliación de xuño. O redondeo farase por defecto e no boletín de notas indicárase a parte enteira da nota media.

Copia e sancións

Poderase utilizar calculadora nos exames sempre que non sexan programables nen almacenen datos alfanuméricos. Non pode haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas.

Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, smartwatch nin outros dispositivos electrónicos (incluso apagados). Especialmente no caso de reloxos intelixentes, lémbrese que tampouco poden ser utilizados en modo reloxo convencional.

A detección dunha consulta de información en calquera soporte gráfico ou audiovisual serán considerados como "chuletas" e a súa presenza no posto de exame será motivo de medidas disciplinarias: o alumno ou alumna deberá entregar o exame e poráselle unha cualificación de 0 puntos.

A detección dunha consulta a outro alumno ou alumna suporá em principio unha amoestación verbal con baixada dun punto sobre dez na proba. A reincidencia suporía a retirada da proba e unha calificación de 0 puntos. Isto aplicaríase tanto a quen realiza a consulta como a quen a recibe no caso de que a atenda.

No caso de que o profesor/a detecte ou teña sospeita fundada de que algún alumno/a copiou, aínda que non fose detectada durante o desenvolvemento da proba, poderáselle facer unha proba adicional de contraste que trate dos contidos obxecto de sospeita.

### **Criterios de recuperación:**

Se rematado o trimestre o alumno ou alumna ten unha nota menor de 5 no trimestre (T), deberá recuperar dito trimestre realizando unha proba escrita. A nota de recuperación (R) , se é 5 ou superior, será a que se terá en conta para facer a media da cualificación final do curso.

No caso de que a media aritmética dos trimestres sexa menor que 5, o/a alumno/a terá opción a facer unha proba escrita global de toda a materia impartida durante o curso. Neste caso a nota final da avaliación de xuño indicada no boletín de cualificacións non poderá ser maior que 5.

Aqueles alumnos/as que non tendo acadado o aprobado da materia teñan só unha avaliación suspensa poderán elixir entre facer a proba escrita global ou unha nova recuperación da avaliación suspensa. No caso de elixir esta segunda opción a nota obtida nesta recuperación ( $R_R$ ) non poderá ser maior que 5 e con ela recalcularase a cualificación final que irá indicada na avaliación de xuño no boletín de notas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Aqueles alumnos/as que teñan pendente a materia de Física e Química de 2º ESO serán convocados a principio de curso para seren informados sobre os procedementos para a súa superación e recibirán material que lles axudará á consecución dos obxectivos da materia pendente. Todo o alumnado con materia pendente será matriculado na aula virtual do curso 2º ESO pendentes.

Realizaranse dous exames ao longo do curso nas datas seguintes:

- Primeiro exame: 31 de xaneiro de 2024 ás 16:30.

Segundo exame: 17 de abril de 2024 ás 17:20.

A cada alumno/a se lle entregará a principio de curso un caderniño con exercicios e cuestións para preparar o primeiro exame. Unha vez feito este último, se lle proporcionará un novo caderniño para preparar o segundo exame. Os exercicios e cuestións dos exames serán moi semellantes aos dos caderniños.

A aqueles alumnos/as que entreguen o día de cada exame o caderniño correspondente resolto de xeito correcto subiráselles un punto nese exame.

A nota final será a media aritmética dos dous exames. Para aprobar a materia a nota final terá que ser maior ou igual a 5.

O alumnado que non aprrobe a materia deste xeito será convocado a unha proba final en xuño no que terá que recuperar os exames que teña suspensos. Coas notas obtidas na ou nas recuperacións e cambiando a nota inicial do exame parcial pola nota obtida na súa recuperación (se fose maior) recalcularase a media aritmética para obter a nota final que deberá de ser igual ou maior que 5 para considerar a materia aprobada.

Para que as respostas das preguntas dos exames sexan valoradas teñen que estar razoadas e con todos os pasos.

No caso de ter constancia de que un alumno/a copiou nun exame a cualificación da proba será de 0.

Cando un alumno/a non se presente a un exame parcial sen xustificación médica (o profesor/a valorará outras situacións) a cualificación será de 0. Cando a ausencia sexa xustificada oficialmente o profesor poderá facilitarlle outra data para avaliar eses contidos.

Relaciónanse a continuación os contidos correspondentes a cada una das partes a examinar.

Contidos primeira parte:

Tema 1. La materia.

Tema 2. Estados de la materia.

Tema 3. Diversidad de la materia.

Tema 4. Disoluciones.

Contidos segunda parte:

Tema 5. Sistema periódico y materia.

Tema 6. Reacciones químicas.

Tema 7. Fuerzas y movimientos.

Tema 8. Energía.

Para calquera dúbida deberán dirixirse á xefa de departamento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación.

No caso de alumnos con pequenos problemas de aprendizaxe e/ou conducta, as actuacións centraranse na realización de exercicios de reforzo, aplicando unha metodoloxía máis personalizada e revisando os tempos e os ritmos de aprendizaxe.

Para os alumnos con dificultades graves de aprendizaxe, ademais das medidas anteriores, farase a correspondente adaptación significativa curricular, dándolle prioridade aos contidos de procedementos e actitudes, buscando a súa integración social. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

Para os alumnos con nivel de coñecementos ou capacidades superiores as do resto de compañeiros proporáanse actividades de ampliación que lles permitan avanzar no coñecemento sen desmotivación ou aburrimiento.

Colaborarase co Departamento de Orientación, para dar resposta a este alumnado, así como novos casos que



puidesen detectarse.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
<p>ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6.</p>	X	X	X	X	X	X	X
<p>ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (obtención de enerxía eléctrica, tratamento de augas residuais, etc.), así como en pequenos debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA2.4, CA3.5, CA4.</p>	X	X	X	X	X	X	X
<p>ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas, promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.</p>	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
<p>ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6.</p>	X	X	X	X	X	X	X
<p>ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1 e CA1.8.</p>	X	X	X	X	X	X	X
<p>ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é substancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1.</p>	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos, etc. Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas en consonancia con CA1.7. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo relacionado no CA1.9.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non se contemplan, inicialmente.	Non se contemplan, inicialmente.	X	X	X

### Observacións:

Non se contemplan, inicialmente. Porén, ao longo do curso estudaranse as distintas ofertas que institucións educativas de ámbito universitario e non universitario ofrecen en relación coa materia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).
2.-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).
4.-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación daquela e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 2 (desenvolveuse o 100% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 3 (desenvolveuse > 90% e máis de 3 nos anteriores ítems); 4 (desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos anteriores ítems).
Metodoloxía empregada
7.-Procedementos de avaliación do alumnado. Usando como indicador a eficacia da retroalimentación, medida conforme e ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5.-Organización da aula para executar as programacións. Usando como indicador a accesibilidade do alumnado, conforme ao que se recolle no apartado de descrición, e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%).
6.-Aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións. Usando como indicador o aproveitamento de recursos medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<3), 2 (3), 3( 4) e 4( >5).
Medidas de atención á diversidade
3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación, para cada una das PAUTAS que foron desenvolvidas, e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) 4 (>90%).
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
8.-Coordinación do profesorado. Usando como indicador a coordinación do profesorado, medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<2), 2 (2), 3( 3) e 4( 4).

### Descrición:

#### 5-ORGANIZACIÓN DA AULA PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS

Responder SI ou NON aos seguintes ítems aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta a resposta dos alumnos e das alumnas aos ítems.

#### ÍTEMS

##### 1.-ACCESIBILIDADE FÍSICA NA AULA

1.1.-Todo o alumnado pode participar en calquera actividade sen atopar dificultades físicas?

1.2.-Todo o alumnado pode coller e manipular obxectos comodamente (uso de material escolar, informático, etc.)?

1.3.-Todo o alumnado pode participar nas actividades na clase ou ter o material necesario sen que llo impidan problemas económicos?

1.4.-As actividades deséñanse para que o alumnado con problemas de saúde poida participar?

## 2.-ACCESIBILIDADE SENSORIAL

2.1.-Todo o alumnado pode acceder sen dificultades, a través dos sentidos, á información necesaria para realizar actividades, manipular obxectos e desprazarse polas contornas?

2.3.-No caso de que algún alumno ou alumna teña problemas de hipoacusia, cegueira, baixa visión, daltonismo, hipersensibilidades sensoriais, tipo táctil..., téñense en conta as súas necesidades no deseño de actividades na aula?

## 3.-ACCESIBILIDADE COGNITIVA

3.1.-O alumnado entende as actividades, comprende o que pasa na aula e sabe utilizar os materiais necesarios para realizar esas actividades?

3.2.-O deseño e contido da actividade trata de eliminar calquera posible prexuízo, parcialidade ou trato inxusto?

3.3.-O alumnado sabe o que vai facer e o que se lle vai a pedir?

3.4.-O tempo/horario e as actividades a realizar están visibles?

3.5.-Os materiais e o contido da actividade teñen en conta a perspectiva de xénero? E as diferenzas culturais?

3.6.-Os materiais e recursos da aula están organizados e etiquetados?

3.7.-Todo o alumnado sabe atopar e gardar o material no seu sitio?

3.8.-No caso de que algún alumno ou alumna requira algún apoio ou axuda específica para a comunicación, tense en conta no deseño das actividades?

3.9.-Todo o alumnado pode comunicarse na clase sen ningún problema ocasionado por descoñecemento das linguas vehiculares?

## 4.-ACCESIBILIDADE EMOCIONAL

4.1.-O alumnado síntese capaz de realizar as actividades que se propoñen na clase?

4.2.-No caso de ter algún alumno ou alumna con historia de fracaso escolar, téñense en conta as súas necesidades no deseño das actividades de aula?

4.3.-No caso de que algún alumno ou alumna estea vivindo unha situación que poida supor unha barreira emocional para a aprendizaxe, tense en conta a súa situación no desenvolvemento das actividades de aula?

4.4.-Se chega alguén novo ao grupo, cóntase cun protocolo de acollida?

4.5.-Todo o alumnado coñece as normas de convivencia na aula?

4.6.-Hai procedementos de resolución de conflitos?

4.7.-Cóntase con espazos e actividades periódicas que permitan a participación de todo o alumnado?

## 6.-APROVEITAMENTO DE RECURSOS DISPOÑIBLES NO CENTRO E NO CONTORNO PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS.

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta as respostas do alumnado aos ítems.

### ÍTEMS

1.-Utilízase o aula virtual?

2.-Utilízase a biblioteca?

3.-Utilízanse os laboratorios?

4.-No caso de que existan, particípase nos proxectos de internacionalización do centro?

5.-Particípase nos proxectos formativos do centro?

6.-Colabórase co club de ciencias, de lectura ou similares?

7.-Particípase en actividades en colaboración co concello (educación viaria, biblioteca municipal, actividades culturais...) ou con outras institucións do contorno?

## 7.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON).

### ÍTEMS

1.-Ao comentar o exercicio, exposición, etc. que fixo o alumno/a sinálase tanto o que fixo ben como os erros cometidos?

2.-Os comentarios e a frecuencia en proporcionar retroalimentación axústanse a cada alumno/a en particular?

3.-Téntase que a retroalimentación sexa o máis inmediato posible para o alumnado con menor competencia nesa tarefa?

4.-Dilátase a retroalimentación para o alumnado con maior competencia?

5.-Ao sinalar un erro indícase en que se equivocou e dáse algunha pista de como resolvelo correctamente?

- 6.-Cando o alumnado o necesita, exemplifícase o proceso paso a paso?
- 7.-Facilítanse pautas de corrección, rúbricas... para que o alumnado poida autoavaliar o seu traballo?
- 8.-Realízanse frecuentemente actividades de autoavaliación e coavaliación na corrección de exercicios?
- 9.-En ocasións pídeselle opinión ao alumno ou alumna acerca de que comentarios ou apoios sobre a súa tarefa lle axudan máis?
- 10.-Anímase ao alumno/a a que reflexione ao realizar un exercicio/tarefa preguntándose que teño que facer, como estou ao facer e como o fixen?

#### 8.-COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON).

##### ÍTEMS

- 1.-Deséñanse tarefas interdisciplinarias?
- 2.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de avaliar criterios de avaliación que sexan comúns a diferentes materias?
- 3.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de tratar os elementos transversais?
- 4.-Hai outro tipo de acordos entre o profesorado dos cursos e lévanse a cabo?

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente desta aplicación.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademais da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade.

Como indicador de logro do grao de desenvolvemento e adecuación da programación propónse un baseado no seguimento de cada unidade didáctica (data de inicio e final, sesións previstas fronte a sesións realizadas e grao de cumprimento) e o éxito académico acadado tras cada avaliación ponderando entre 1 e 4 do seguinte xeito:

1. Desenvolveuse menos do 90% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems que se recollen a continuación nesta descrición.
2. Desenvolveuse o 100% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems.
3. Desenvolveuse máis do 90% e acadou máis de 3 nos ítems.
4. Desenvolveuse o 100% e acadou máis de 3 nos ítems.

Os ítems de aprendizaxe son os seguintes:

-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50%), 3 (75%) e 4 (>90%).

-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50%), 3 (75%) e 4 (>90%).

-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación para cada unha das PAUTAS que foron desenvolvidas ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(50%), 3 (75%) e 4 (>90%).

En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora.

Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010058	CPI do Feal	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	37



## 1. Introducción

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician. Por outra banda, no contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística. A área de Lingua Castelá e Literatura ten como finalidade primeira a mellora da competencia comunicativa, utilizando a linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e emocións. O obxectivo central desta competencia é comprender e saber comunicarse nas diversas situacións que se xeran no ámbito social, cultural e académico, utilizando as fontes de información e os soportes que hoxe están á nosa disposición. Así, a linguaxe ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e con outras persoas, na súa forma de entender e explicar o mundo.

Na nosa programación os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques:

O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural.

O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos.

O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes.

O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO nas dez unidades didácticas propostas. Intentamos vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo de cada curso, consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

Para este curso o departamento de Lingua castelá e literatura conta cunha hora de libre disposición do centro, polo que dispoñemos dunha hora que adicaremos a reforzar a comprensión lectora e a expresión oral así como a fomentar o traballo colaborativo e as actividades de investigación. Todo o traballo realizado nesta hora, así como o xeito no que o avaliaremos aparece reflexado na unidade 10 da nosa programación didáctica, que se desenvolverá ao longo dos tres trimestres.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¡Puesta a punto!	<p>Esta unidade didáctica servirá como punto de partida do curso, unha unidade de reforzo e consolidación de contidos do curso anterior e que servirá para afianzar conceptos básicos para afrontar esta nova etapa. Centrarémonos no repaso das categorías gramaticais, a acentuación básica e conceptos xerais sobre os xéneros literarios. No apartado de semántica afianzaremos a diferenza entre familia léxica, campo semántico, campo léxico, hiperónimos e hipónimos.</p> <p>Por outra banda comezaremos co estudo do texto e as súas propiedades, coherencia e cohesión.</p>	5	15	X		
2	En la variedad está el gusto.	<p>Esta unidade didáctica está centrada na palabra: os procedementos de adquisición e formación de novas palabras, a utilización de afixos para a mudanza de categoría, as relacións semánticas entre palabras, os seus valores denotativos e connotativos segundo o contexto, e os cambios nos significados.</p> <p>Veremos as distintas variedades dialectais do español, valorando a diversidade e riqueza da nosa lingua e das outras linguas oficiais do país.</p> <p>No apartado de ortografía atenderemos a ditongos e hiatos.</p>	5	12	X		
3	Noticias frescas	<p>Comezamos con esta unidade a nosa creación dun xornal co que traballaremos distintos tips de textos. A idea é crear un xornal dixital onde poder traballar a creación de textos e publicar os seus traballos en diferentes formatos ( textos escritos, vídeos, podcast). Empezaremos traballando a noticia e o texto expositivo, que servirá tamén para traballar a unidade 10. Con esta situación de aprendizaxe pretendemos tamén que o alumnado tome conciencia das distintas fontes de información que poden utilizar e desenrolen capacidade crítica para analizala, valorala e aislar as informacións que poidan resultar falsas.</p> <p>No bloque de gramática comezaremos a estudar os sintagmas, o nominal e o adjetival. Repasaremos conceptos de semántica (sinónimos, antónimos, parónimos e polisemia) así como a</p>	10	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Noticias frescas	ortografía de B/V.	10	13	X		
4	Explica tu razones.	Seguimos coa nosa aventura xornalística. Nesta unidade abordaremos os textos periodísticos de opinión, polo que traballaremos o texto argumentativo e así poder crear cartas ao director e viñetas. Seguindo co traballo argumentativo trataremos tamén a reclamación e o debate. No bloque de gramática continuamos co estudo do sintagma, centrándonos no sintagma adverbial e preposicional. Revisaremos tamén a ortografía do G/J.	5	11		X	
5	Crónicas do Feal	Nesta unidade o noso xornal encherase de crónicas cos acontecementos deportivos do centro e reseñas dos espectáculos aos que asistan ou os seus consellos sobre lecturas, videoxogos, series ou películas. Estudaremos para elo os xéneros periodísticos mixtos (reseña e crónica). No bloque de literatura adentrarémonos no xénero lírico e os seus subxéneros e aproveitaremos para o estudo da linguaxe literal e figurada. Será o momento tamén de comezar o estudo dos complementos verbais, estudando os conceptos de suxeito/ predicado e das perífrasis verbais, Finalizaremos esta unidade facendo un repaso ortográfico do uso do H.	10	12		X	
6	Compartiendo conocimientos. El videotutorial	Hoxe en día esta é unha frase moi utilizada, se non sabes algo...busca un videotutorial! Pois para facer un bo videotutorial é fundamental saber facer un texto instructivo correctamente. Nesta unidade, por tanto, traballaremos o texto instructivo. Continuaremos co estudo do xénero lírico, facendo atención á canción, analizando a importancia do ritmo e a rima ( traballados na unidade anterior) e das figuras literarias. Seguiremos co estudo dos complementos do verbo, fixándonos no CD e o CI. Acudiremos a refráns e modismos para o estudo do léxico e repasaremos o uso do S/X en ortografía.	5	12		X	
7	Poder de persuasión	No mundo no que vivimos estamos rodeados de estímulos que non invitan a consumir constantemente, anuncios en prensa, en TV, polas rúas, en internet, influencers nas redes sociais, etc. Estudaremos a publicidade e os distintos medios de comunicación social, prestando especial atención ás redes sociais e os seus beneficios e perigos. Abordaremos os	10	13			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Poder de persuasión	conceptos de tabús e eufemismos. Continuaremos co estudo dos complementos verbais (atributo, predicativo, c.circunstanciais) e repasaremos o uso ortográfico do LL/Y.	10	13			X
8	¡Se levanta el telón!	Nesta unidade traballaremos o texto teatral, facendo un pequeno repaso da evolución do teatro dende as súas orixes , o teatro clásico, pasando polas obras relixiosas da idade media, os corraís de comedia e o teatro actual. Con isto queremos transmitir ao alumnado a importancia deste xénero na literatura universal, como vehículo transmisor de pensamento, educador e fonte de entretemento. Traballaremos o texto dialogado e o poñeremos en práctica coa conversación, No bloque de estudo da lingua abordaremos o complemento axente e practicaremos o uso dos signos de puntuación.	10	11			X
9	Comunicando.	Unha vez estudados todos os complementos verbais e as modalidades oracionais pasaremos á clasificación das oracións segundo a súa modalidade e o seu predicado. Seguiremos entre bambalinas, descubriendo distintos subxéneros teatrais e acabaremos a unidade continuando co uso dos signos de puntuación. Faremos un repaso de textos do ámbito administrativo, de utilidade para a súa vida diaria, atendendo a instancias, actas e solicitudes.	10	11			X
10	Leemos, investigamos, compartimos.	Como explicamos na introdución da programación este curso o Departamento de Lingua castelá conta cunha hora de libre disposición que concretamos nesta unidade, que se desenvolverá ao longo de todo o curso, e que terá como obxectivo fomentar lectura e a curiosidade do alumnado, a comprensión lectora, os traballos de investigación e as exposicións orais partindo dos traballos colaborativos. Unha sesión semanal durante todo o curso servirá para leer en grupo unha obra escollida trimestralmente ou parte delas. Durante a lectura aproveitaremos para traballar distintos aspectos do texto narrativo (1ª avaliación), a novela gráfica (2ª avaliación) e o texto teatral (3ª avaliación). Así mesmo proporemos distintos traballos en grupo sobre distintos aspectos das lecturas, co que fometaremos o traballo colaborativo, a búsqueda de	30	30	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Leemos, investigamos, compartimos.	información, a creación de textos expositivos e a exposición oral.	30	30	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	¡Puesta a punto!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Os alumnos e alumnas serán capaces de identificar a coherencia dun texto sinxelo así como a súa adecuación a unha situación dada ou ao receptor do mesmo.	PE	100
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá recoñecer os problemas de coherencia e cohesión que poden dificultar a comprensión dun texto.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar aos seus textos procedementos de cohesión.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado identificará os rasgos significativos dos diferentes xéneros literarios ante un texto dado.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identificará as clases de palabras en diferentes textos, a través da reflexións de aspectos morfolóxicos, semánticos e sintácticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
2	En la variedad está el gusto.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España coma das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as variedades dialectais do castelán e identificar trazos característicos básicos.	PE	70
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá prestar especial atención ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical dunha palabra mediante a utilización de afijos, a partir da observación e transformación de enunciados e será quen de identificar o proceso de creación presente en diferentes palabras.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de recoñecer as distintas modalidades oracionais e transformalas atendendo as distintas intencións que pode mostrar o emisor, utilizando diferentes estruturas gramaticais.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado será capaz de clasificar oracións segundo o seu predicado e a súa modalidade oracional, facendo unha reflexión sobre a presenza dos diferentes complementos gramaticais estudados nas unidades anteriores.		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado será quen de valorar a necesidade do dominio de textos como instancias, actas e solicitudes, para a súa vida cotiá.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.</li> </ul> </li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> </ul> </li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Leemos, investigamos, compartimos.	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.	PE	20
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información en función da súa fiabilidade e pertinencia á hora de documentarse para elaborar textos expositivos.	TI	80
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que buscar o significado das palabras descoñecidas que atopemos durante a lectura grupal e individual e facer un pequeno glosario, utilizando adecuadamente o dicionario ou as enciclopedias en formato dixital.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado fará traballos en grupais que consistirán en pequenas exposicións sobre temas propostos que traten diferentes aspectos das lecturas elixidas trimestralmente.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planificará as súas exposicións orais, traballando en grupo e repartindo o traballo de investigación, redacción e maquetación das súas exposicións.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar aos seus textos expositivos vocabulario rigorosamente denotativo, tecnicismos, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade enunciativa.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Os grupos de traballo presentarán as súas exposicións nun formato atractivo, utilizando recursos visuais e verbais.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado utilizará correctamente o dicionario, os manuais de consulta e os correctores ortográficos para a revisión lingüística, ortográfica e gramatical dos textos (signos de puntuación incluídos).		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participará activamente nos comentarios que xordan das lecturas grupais, respectando os turnos e as opinións do resto e aportando a súa visión persoal ou as súas experiencias.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes nas obras escollidas para a lectura de cada trimestre, valorando o seu efecto sobre o receptor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
  - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
  - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
  - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
  - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
  - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
  - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.
  - Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
  - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
  - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
  - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
  - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
  - Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
  - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
  - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
  - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
  - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
  - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.

## Contidos

- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os métodos pedagóxicos na ESO adaptaranse ás características do alumnado, favorecerán as capacidades de aprender por si mesmos e de traballar en equipo, promoverán a actividade e o dinamismo, integrarán os recursos das tecnoloxías da información e das comunicacións do aprendizaxe e iniciarán ó alumnado no coñecemento e aplicación dos métodos científicos. Desenvolveranse actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público. Seguiranse os seguintes criterios metodolóxicos:

- Partirase dos coñecementos previos dos alumnos.
- A metodoloxía será activa e investigadora, de xeito que o alumnado no sexa só receptor pasivo, senón que observe, reflexione, realice, participe e investigue.
- Os materias utilizados serán variados e favorecerán os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- O/a profesor/a empregará estratexias metodolóxicas variadas: traballo en grupo, explicacións, coloquios, entrevistas, comentarios, etc.
- Potenciaranse distintas técnicas de traballo no aula: subliñado, elaboración de esquemas e síntese de elaboración de diversas fontes.
- Dotarase ao alumnado das técnicas de estudo e ferramentas precisas para aprender e deste xeito estimular o seu potencial e as súas habilidades de aprendizaxe.
- Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.
- Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos.
- Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora: lecturas individuais, lecturas compartidas, lecturas en formatos dixitais e creación de reseñas en formato dixital.
- Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes.
- Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de

vocabulario e presentación).

- Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).
- Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.
- Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.
- Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón o emprego dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica e dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais para a súa análise e comentario. Traballaremos a capacidade crítica traballando tamén cos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea. O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais. O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso cada profesora fará nos seus grupos unha proba inicial para obter información sobre a competencia lingüística dos alumnos. Esta proba abarcará os seguintes aspectos:

- Comunicación oral: para valorar a expresión oral o alumno debe facer unha presentación persoal ante o grupo (guiada polo profesor).
- Competencia lectora: lectura en voz alta e comprensión dun texto escrito.
- Expresión escrita: actividades para avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Conceptos: cuestións sobre aspectos básicos de gramática, léxico e literatura.

Nesta proba pretendemos analizar estes obxectivos:

- Apreciar a capacidade de comprensión dun texto escrito.
- Apreciar a capacidade expresiva e produción de textos orais nunha situación básica de comunicación.
- Valorar a capacidade de produción de textos.
- Detectar o nivel de coñecementos morfosintácticos.
- Detectar o nivel de coñecementos léxico-semánticos.
- Coñecer a actitude do alumnado ante a materia.

Dita proba servirá para marcar un punto de partida e plantexar posibles modificacións na programación de aula, tendo en conta a posible necesidade de repasar aspectos pouco asimilados. Ao mesmo tempo servirá para detectar casos que podan precisar asistir a clases de reforzo coa PT, ou preparación de adaptacións da materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	5	10	5	10	5	10	10	10	30
<b>Proba escrita</b>	100	70	60	85	55	75	75	70	95	20
<b>Táboa de indicadores</b>	0	30	40	15	45	25	25	30	5	80

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	100
<b>Proba escrita</b>	58
<b>Táboa de indicadores</b>	42

### Criterios de cualificación:

Entendemos a avaliación como un proceso flexible, así os procedementos deben ser variados.

Para recoller datos poderemos servirmos de diferentes instrumentos:

- A observación do traballo diario. Avaliado con rúbricas de observación que recollan: a revisión do cuaderno organizado e correcto; a participación, tanto nas clases como na aula virtual; a elaboración das actividades propostas; o interese por aprender e a colaboración nas tarefas de equipo.

- Probas obxectivas: Propoñemos a realización de dúas probas obxectivas escritas por avaliación. A docente aclarará o modelo de proba co número de preguntas e o seu tipo con antelación na aula, practicando incluso os exercicios durante a semana anterior con cada grupo.

- Tarefas de comprensión (oral-escrita): tarefas de comprensión auditiva, recitado, dramatización, exposición de temas, diálogos, debates, posta en común de ideas, etc. .

- Exercicios de expresión (oral-escrita): resumos, creación de textos das diferentes tipoloxías, cuestionarios de comprensión de texto, comentarios de diferentes tipos de documentos, exposicións, traballos de investigación, etc. Tal e como se indica nas porcentaxes por unidades as probas escritas terán un peso do 58%, e as tarefas avaliadas con táboas de indicadores un 42%.

A nota da avaliación será a suma de:

- Nota das probas obxectivas. (60%) 6p.
- Cualificación obtida nas tarefas de comunicación oral. (10%) 1 pto.
- Cualificación obtida nas tarefas de comunicación escrita. (10%) 1pto.
- Cualificación do traballo diario de aula, que deberá estar todo el recollido no caderno de clase. (10%) 1 pto.
- Cualificación na proba sobre o libro de lectura. (10%) 1pto. O control da mesma farase ben a través dun traballo

(individual ou de grupo) ou dun cuestionario (escrito/oral).

Ademais da obra proposta para cada trimestre, o alumno terá á súa disposición unha lista de lecturas voluntarias que complementan a súa formación como lector. Para cada lectura voluntaria o alumno presentará unha ficha de traballo que sumará ata 0.5p sobre a súa nota de trimestre (sempre e cando ésta sexa igual ou superior a 4p).

Trala suma das distintas calificacións, o alumnado terá unha nota numérica que pode conter decimais. Dado que no boletín trimestral de cualificacións só se contempla o uso de números enteiros, realizarase o redondeo hacia o número enteiro máis próximo á nota total acadada.

Non haberá recuperacións trimestrais. Observarase o progreso do alumno ao longo do curso e a nota final será a media ponderada entre as tres avaliacións, seguindo a proporción: 30%-30%-40%. Considérase que ten superada a materia aquel alumnado que obteña como nota final unha calificación igual ou superior a 5 puntos.

### **Criterios de recuperación:**

No periodo comprendido entre o fin do terceiro trimestre e o fin de curso, o alumnado que non teña aprobada a materia, terá opción de recuperar mediante unha serie de probas que se valorarán da seguinte forma:

- a. Cuaderno de actividades (1 punto).
- b. Proba obxectiva sobre os contidos mínimos do curso (9 puntos).

Considérase que ten superada a materia aquel alumno/a que obteña como nota final unha calificación igual ou superior a 5 puntos.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

A finais do curso pasado deixamos establecido o plan de reforzo para o alumnado que superaba o curso, pero leva a materia de LC pendente. Na ficha incluída no expediente indicamos o seguinte: O alumnado que non ten superada a materia de Lingua Castelá no nivel 2º ESO por non ter alcanzado os contidos mínimos esixibles recollidos na PD do Departamento terá a posibilidade de recuperar a materia durante o curso seguinte (3º ESO).

A recuperación de LC avaliarase sobre os contidos mínimos esixidos para cada nivel. Como instrumentos de avaliación teranse en conta tres aspectos: tarefas realizadas / exames / rendemento do alumno no curso actual. O alumnado coa materia pendente deberá realizar as tarefas dun caderno con actividades de reforzo que se lles entregará, indicándolles a materia sobre a que serán avaliados en cada parcial. Poderase recuperar a materia nestes tres casos:

1- Aprobando dous exames parciais (febreiro- abril ) para repartir a materia e facilitar a superación da mesma. Para aprobar a materia por parciais é necesario obter unha nota igual ou superior a 5 puntos en cada parcial. Para a cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- 80% nota da proba escrita
- 20% nota do caderno pequeno de tarefas correctamente realizado.

2- Se o alumnado aproba a 1ª e 2ª avaliación do curso de 3º ESO, e tendo en conta que os contidos da materia son progresivos nestes cursos, darase por aprobada a materia pendente de 2º ESO.

3- En caso de non superar a materia nas dúas avaliacións de 3º da ESO nen nos dous exames parciais de pendentes o alumno/a deberá presentarse a un exame final en xuño no que se incluírá toda a materia.

Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

- Entrega de boletín: seguimento e revisión das tarefas realizadas polo alumnado con anterioridade ao exame por parciais.

- Exames: probas obxectivas con preguntas similares ás traballadas no boletín de exercicios.

- Seguimento e observación do alumnado na etapa que está cursando.

Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

- Boletín de exercicios.

- Libros de texto para consulta que se lles entregarán a principios de curso.

- Aula virtual. Crearase una aula virtual específica co alumnado coa materia pendente para colgar material de reforzo así coma os boletíns entregados e para facillitar a comunicación cos alumnos/as e aclarar posibles dúbidas.

Seguimento e avaliación.

Ao longo do curso o profesorado estará a disposición do alumno/a para titorizar o traballo. O profesor correxirá e calificará os boletíns de traballo e os exames marcados e informará ao alumno/a dos resultados obtidos. Para aprobar a materia é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos nos exames parciais ou no examen final. Tamén terán unha avaliación positiva en caso de aprobar ás dúas primeiras avaliacións de 3º da ESO.

Acreditación da información á familia.

Ao inicio do curso, o alumno recibirá unha circular informativa, na que se indique o modo de recuperar a materia

pendente, que deberá asinar a súa nai/pai conforme quedan enterados do proceso. Nas datas próximas á realización dos exames informaremos ás familias a través de Abalar recordando a data e hora das probas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Ao inicio do curso, o Departamento de Orientación facilita datos sobre o alumnado que presenta necesidades educativas especiais. Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria tomaremos as medidas curriculares e organizativas axeitadas co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidos para cada etapa. Tales necesidades educativas inclúen casos de dificultades específicas de aprendizaxe, trastornos por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo, ou condicións adversas a nivel persoal ou de historia escolar. De ser necesario, elaborárase a adaptación curricular dos casos que presenten máis desfase na aprendizaxe. Asimesmo valoráranse reforzos educativos para aquel alumnado que o necesite. Todo isto en colaboración co Departamento de Orientación e profesorado de Pedagogía Terapéutica. Así pois, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade nas súas aulas. O plan de atención concretárase nos seguintes elementos: - Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado.

O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X				X		X	
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable							X	
ET.3 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes					X		X	
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais					X		X	
ET.7 - Liberdade de expresión	X				X			

	UD 9	UD 10
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos		
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		
ET.3 - Educación cívica e en valores		
ET.4 - Formación estética		
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes		
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais		
ET.7 - Liberdade de expresión		

#### Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarán en todas as materias. A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.		X	X
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.			X



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Gravación de podcast con textos literarios	Alumnado do centro de distintas nacionalidades poden gravar textos literarios (narrativos ou mellor poéticos) cada quen na súa lingua. O carácter inclusivo desta actividade e a motivación que pode espertar no alumnado fai que sexa unha actividade ideal para traballar o aprecio polas diferenzas, a educación cívica e a cooperación entre iguais.	X	X	X
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos.	Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes.	X	X	X
Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia	Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector ou lectora, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.	X	X	X
Creación de historias utilizando ferramentas dixitais	Este é un recurso didáctico moi interesante. Pode orientarse a que o alumnado cree un cómic. Esta actividade serve para transformar o proceso de aprendizaxe. Ademais, facilita que se adquiran competencias como a comprensión lectora, a capacidade analítica, o traballo en equipo ou o desenvolvemento da autonomía persoal. Tamén é moi útil para traballar valores como a empatía e a autoestima.	X	X	X

#### Observacións:

Poderanse levar a cabo actividades de participación de toda a comunidade educativa nas diferentes actividades do centro: páxina Web, blog, xornal escolar, actividades culturais, Abalar, Edixgal e aula virtual Moodle.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.

Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
<b>Metodoloxía empregada</b>
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explicáronse e corríronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.

### Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

Nas reunións de departamento procurarase:

- Valorar o grao de desenvolvemento da PD. Se resulta inferior á 75% recollerase na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do seguinte curso.
- Valorar a adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- Valorar a adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características do alumnado.
- Localizar os aspectos da programación que tiveron problemas para ser levados a cabo e propor solucións.
- Realizar os cambios que sexan necesarios para mellorar a programación.
- Definir unha autoavaliación da función docente do profesorado que imparte as materias deste departamento.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010058	CPI do Feal	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	40
4.2. Materiais e recursos didácticos	41
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	41
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	41
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	43
6. Medidas de atención á diversidade	43
7.1. Concreción dos elementos transversais	44
7.2. Actividades complementarias	45
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	46
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	47
9. Outros apartados	47

## 1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 2º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.

Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5	3-4		2
OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5		1-3	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	1-5	1-2	1	2-3	3	3		
OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	1-2-5	1-2-3	1		1-3-5			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.	1	1-2-3	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	1-3		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unit 0 - Introduction	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación inicial.</li> <li>- Repaso e reforzo dos contidos gramaticais e léxicos do curso pasado.</li> </ul>	5	6	X		
2	Unit 1 - Out and About	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender vocabulario relacionado coa cidade e actividades.</li> <li>- Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre lugares segredos e unha entrada de blog sobre o proxecto Raining Poetry.</li> <li>- Aprender a utilizar os artigos e os cuantificadores, how much e how many, e o Present Simple.</li> <li>- Comprender a información clave dunha visita guiada a unha ponte de Praga e unha chamada telefónica.</li> <li>- De maneira oral, dar información sobre distintos temas e falar sobre viaxes.</li> <li>- Redactar unha opinión sobre unha cidade ou vila.</li> <li>- Pronunciar correctamente palabras compostas e os sons /s/, /z/ e /iz/.</li> </ul>	5	11	X		
3	Unit 2 - Learning Today	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender vocabulario relacionado co material escolar e os medios de transporte.</li> <li>- Ler de maneira comprensiva e autónoma unha entrada de blog sobre actividades escolares e un folleto sobre unha exposición de vehículos inabituais.</li> </ul>	5	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Unit 2 - Learning Today	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender a empregar o Present Continuous e a diferenciar o Present Simple do Present Continuous.</li> <li>- Comprender a información clave dun guía a falar nunha exposición de tecnoloxía escolar e un pódcast sobre o edificio da estación de tren de Chongqing.</li> <li>- De maneira oral, elixir material escolar e describir unha fotografía.</li> <li>- Describir unha fotografía.</li> <li>- Pronunciar correctamente o son /dju:/ (do you?).</li> </ul>	5	11	X		
4	Unit 3 - A Look at the Past	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender vocabulario relacionado coa familia e o traballo.</li> <li>- Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre unha serie de televisión e un artigo sobre unha listaxe dos dez traballos máis estraños do pasado.</li> <li>- Aprender a empregar There was e There were, e o Past Simple en afirmativa.</li> <li>- Comprender a información clave dunha conversa sobre un programa de televisión e outra sobre empregos para traballar no futuro.</li> <li>- De maneira oral, falar sobre un programa de televisión e obter información.</li> <li>- Describir a vida no pasado.</li> <li>- Pronunciar correctamente as formas fortes e débiles de was e were, e os sons /d/, /t/ e /ɪd/.</li> </ul>	5	11	X	X	
5	Unit 4 - Pushing Limits	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender vocabulario relacionado coas urxencias e os verbos.</li> <li>- Ler de maneira comprensiva e autónoma un póster sobre mortes por facerse un selfie e un artigo sobre un escalador ancián con alzhéimer .</li> <li>- Aprender a empregar o Past Simple en negativa e interrogativa.</li> <li>- Comprender a información clave dunha conversa sobre actividades perigosas e unha entrevista a unha nadadora de augas xeadas.</li> <li>- De maneira oral, falar sobre o pasado.</li> <li>- Redactar o perfil dunha persoa.</li> <li>- Pronunciar correctamente en función das sílabas e do ritmo e a entoación.</li> </ul>	10	11		X	
6	Unit 5 - Great Stories	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender vocabulario relacionado coa natureza e verbos e phrasal verbs.</li> <li>- Ler de maneira comprensiva e autónoma dúas historias relacionadas coa natureza e unha tira de cómic sobre os viquingos.</li> <li>- Aprender a empregar o Past Continuous.</li> <li>- Comprender a información clave dunha entrevista sobre desfeitas naturais e unha conversa sobre a historia do cómic.</li> </ul>	10	11		X	



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
